



**GREIVE VEIGA, C., TABORDA DE OLVEIRA, M. A. (Coords.) (2019). *Historiografía da educación. Abordagens teóricas e metodológicas*. Belo Horizonte: Fino Trazo, 295 pp. ISBN: 9788580544091.**

En 2014 tiven ocasión de referirme con algunha extensión á rica e diversa historiografía educativa brasileira,<sup>1</sup> asentada sobre unha decea de Nucleos de investigación universitaria —liderados por investigadoras e investigadores que gozan de prestixio académico recoñecido—, sobre o preciso traballo de problematización epistemolóxica das cuestións a examinar, sobre a oportuna explotación de fontes entendidas nun senso amplo, sobre os debates forxados en tales núcleos coa intención de construír un coñecemento

<sup>1</sup> Antón Costa Rico, “Historiografía educativa brasileira”, *Historia de la Educación*, 22-23 (2004) 519-528.

suficientemente relevante, e sobre a instrumentación de mediacións de difusión da información e do coñecemento histórico achegado, poñéndoo en interrelación, ademais, co escenario internacional da investigación histórico educativa.

Cuestións como os procesos de profesionalización docente en momentos significativos da historia escolar brasileira, a análise das influencias europeas e americanas, o papel da Igrexa e a educación feminina, os efectos dos imaxinarios nacionais na formación do profesorado, a historia da política escolar, o estudo dos cadernos de clase, a cuestión étnica e a educación, os significados da escritura en relación co mundo escravista, o papel das Aulas Regias no Brasil Imperial, a análise do público e do privado na historia educativa, os manuais escolares e as lecturas dos profesores, as marcas de aculturación, ou a formación pedagóxica da intelectualidade brasileira, entre outros asuntos, leván sido motivo de atención investigadora.

Dicia eu, obsérvase riqueza e variedade no tratamento de obxectos e fontes, nunha historiografía guiada teóricamente pola historia social e cultural e polo materialismo cultural, sendo os autores que inspiran as referencias teóricas dese desenvolvemento historiográfico do que vimos falando, singularmente, P. Burke, R. Chartier, M. de Certeau, Darnton, Norbert Elias, Foucault, Bourdieu, Dominique Julia, R. Williams, Nóvoa, Escolano, Viñao ou Ginzbourg, é dicir, autores que se adscriben no seu conxunto ás novas liñas historiográficas. Por iso a nova historiografía brasileira:

- elabórase fundamentalmente desde novas conceptualizacións e

- prácticas epistemológicas, orientadas por diversificadas aproximaciones teóricas, aínda que gozan de maior adhesión as orientacións que enlazan coa historia cultural,
- obxectívase na atención dedicada a unha temática ampla, que atende tanto ao estudo dos diversos actores implicados no desenvolvemento históricoda educación, como das ideas e discursos, das prácticas e das institucións,
  - a produción científica alcanzada pon de relevo igualmente a diversificación de abordaxes, tanto con respecto ás fontes de investigación, como aos campos de observación, e á metodoloxía, aínda que quizais sexa preciso intensificar o uso dunha metodoloxía comparada, para unha mellor comprensión e interpretación dos fenómenos analizados,
  - os máis constantes e sólidos impulsos na construción desta historiografía veñen sendo elaborados por educadoras e educadores,
  - facíame eco da observación de Clarice Nunes sobre a dispersión temática e metodolóxica, como falta de sistematicidade e como mostra dun insuficiente oficio investigador, o que estaría prexudicando a produción de coñecemento histórico, mais, consideraba previsible que se asistiría a unha depuración da calidade e valor do coñecemento histórico alcanzado,
  - desde as sínteses xeneralistas (“Historia de a educación en Brasil”) derivouse cara a análises

específicas, alcanzando aquí un importantísimo desenvolvemento.

Pois ben, a ampla historiografía educativa brasileira ofrécenos tamén textos que procuran dar unha elaborada conta das actuais inxerencias investigadoras, a fin de sortear o perigo de certo estancamento no uso de conceptos, instrumentos e mediacións metodolóxicas, co risco de conducir a conclusións previamente establecidas.

Pode servírnos este breve antecedente para situar a nosa valoración desta presente obra que iremos comentar. Un texto coordinado por unha historiadora e un historiador ben destacados no espazo académico, que conta, ademais, cun prefacio escrito por unha recoñecida pioneira brasileira no campo da nova historia da educación, a profesora Mirian Warde, da Pontificia Universidade Católica de São Paulo.

Nortea esta colectánea a preocupación por render conta de diversos anos de pescuda e de problematización epistemolóxica por parte do Grupo de Estudos e Pesquisas en História da Educação da Universidade Federal de Minas Gerais (GEPHE–UFMG), facéndoo a través do texto introdutorio dos coordinadores e de sete calas sintéticas sobre diversas cuestións ou problemas de investigación, coa intención de darlle énfase as posibilidades e potencialidades da Historia da Educación para reflexionar sobre os problemas do presente. Isto é, faise unha problematización de diferentes obxectos, examinados con preocupacións teórico-metodolóxicas parcialmente diferentes, presentándonos igualmente as discusións teóricas e metodolóxicas suscitadas por dita problematización.

O conxunto das achegas permite pór de relevo algunhas preocupacións maiores: a articulación entre a historia cultural e a historia social; a revisión conceptual para dar visibilidade a dinámicas histórico-educativas desconsideradas no pasado (o ‘descortinamento’ e a ‘desnaturalización’ necesarias); a circulación de coñecementos e saberes (desde a óptica do ‘circuito’ por sobre a óptica da ‘influencia/s’); o exame de categorías analíticas específicas desde as que poder facer oportunos reexames de obxectos; os procesos e as prácticas de produción, distribución e apropiación de saberes; a distinción entre textos e impresos; ou as redes de sociabilidade intelectual.

Thäis Nivia de Lima examina diversos aspectos da historia educativa colonial portuguesa no Brasil: as correntes interpretativas que se viñeron suscitando na ‘historiografía colonial’ arredor da natureza das relacións entre Portugal e os seus dominios americanos, as fronteiras de debate nesa historiografía, e os impactos desas varias correntes (a modo de chaves de lectura) no planteamento de diversos problemas de investigación histórico-educativos, entre o tempo do Barroco e os inicios do liberalismo decimonónico. Póñense aquí de relevo o insatisfactorio da perspectiva modelar do materialismo histórico, da periodización da historia da educación brasileira a partir dos modelos explicativos da historia política e económica, ou da Historia construída a partir de documentos legais e administrativos ‘oficiais’ como principais fontes, por ser incapaz de comprender a maior complexidade desta historia educativa.

Polo tanto, é necesario “operar con maior densidade analítica, conforme ás prácticas da microhistoria” (p. 32), a fin

de permitir a captación de sentido feitas polas persoas inmersas en procesos de educación e o exame das relacións entre as prácticas educativas e a estrutura social, abrindo, pois, novas miradas sobre os procesos educativos que levan á pensar en novas hipóteses de investigación.

Cynthia Greive vén examinar (pp. 49-100), desde a xeopolítica do coñecemento, a exclusión socio-racial no escenario escolar do Brasil, dada a súa filosofía civilizadora inspirada pola ‘modernidade eurocéntrica’, tomando en consideración para isto as elaboracións realizadas por Norbert Elias e Anibal Quijano. Cynthia problematiza a descualificación e a criminalización das poboacións pobres, negras, indíxenas e mestizas (isto é, de gran parte da poboación brasileira), indagando sobre o papel das escolas neste proceso de colonización que inferioriza. O imperativo da modernización eurocéntrica quería producir homoxeneización cultural e ao mesmo tempo a consolidación de estereotipos e de preconceitos que estigmatizaban e excluían a unha parte notable da poboación.

A monopolización estatal de “saberes civilizatorios” e a imposición da “racionalidade iluminista” e única levou a facer das escolas lugares de esquecemento das tradicións dos pobos e comunidades sometidas e de invención dunha memoria distinta, mediante prácticas disciplinares para a formación de súbditos e non de cidadáns, de tal modo que o colonialismo foi tamén unha dominación epistemolóxica (p. 80), que expropiaba e destruíra saberes locais, mentres imponía outro patrón cognitivo, que se tornou no único válido (p. 85).

Tal descualificación e subalternización integrou, ademais, a diseminación da

ideoloxía euxénica desde finais do século XIX, desde onde ‘se podía fundamentar’ cientificamente a xerarquía racial e a súa representación nos libros de texto escolares, que incluían, complementariamente, patróns de xénero. Os estudos euxénicos procuraron naturalizar as diferencias e as xerarquías socio-raciais, aquí postas de manifesto.

Pola súa parte, Taborda de Oliveira, desde unha singular finura historiográfica e cun alto manexo de aparato crítico, débórcase en “Pesquisa sobre a educación dos sentidos e das sensibilidades na historia da educação” (pp. 101–157) na análise de aspectos de materialidade da vida ordinaria, para investigar nela camiños fecundos de análise de sentidos e das sensibilidades en relación coa historia educativa da poboación traballadora, facéndoo da man das elaboracións de Raymond Williams, Edward Thomson, Ginzburg, Eagleton, ou de Alain Corbin, quen estudou, por exemplo, o condicionamento histórico do variábel modo de percepción sensorial a través do tempo.

Andrea Moreno e Anderson da Cunha analizan a circulación do coñecemento sobre a Ximnástica no Brasil, segundo as investigacións ata o momento realizadas, atendendo para isto á escrita e publicación de manuais (como fonte e obxecto de investigación), ás viaxes de ximnastas e profesores que desde outros lugares foron ao Brasil, e á realización de encontros e congresos que permitiron o intercambio de saberes. Isto é, un percorrido polos itinerarios dun saber emerxente.

Jumi Jinzenji e Eliecer Costa detéñense na problematización das categorías (léxica, conceptual, histórica e pragmáti-

ca) “Adolescencia” e “Xuventude”, desde onde poder examinar os estudos sobre a adolescencia e a xuventude no Brasil. É a Socioloxía da educación a que, para as autoras, máis achegas leva realizado a este respecto. Un adecuado uso das categorías citadas permítelles realizar un estudo dos xornais dirixidos á xuventude e escritos polos mozos no século XIX, un total de 34, deles 16 no estado de Río de Janeiro, podendo observar as representacións dominantes destes mozos e mozas.

Ana M<sup>a</sup> de Oliveira e Juliana Ferreira de Melo procuran a análise de impresos e dos seus lectores, facendo unha proposta teórica e metodolóxica para as pesquisas en Historia da Educación. Deixándose guiar polas achegas Chartier, Humberto Eco e Bourdieu, procuran problematizar o modo de analizar os impresos e toda a cadea de produción que conduce ao lectorado, podendo observar os contidos, as estratexias discursivas usadas polos autores e polos editores, os dispositivos utilizados para permitir e limitar, ao mesmo tempo, a produción de sentidos (p. 226), a materialidade dos impresos coas marcas que producen sentidos, as categorías do “leitor visado” e do “leitor modelo” (U. Eco), as artificios de expresión que deben ser actualizados polos lectores (que participan na construción dos textos, segundo os sentidos que lles atribúen), as redes de sociabilidade na que se inscriben os e as lectoras... Unha ampla reflexión arredor da historia cultural, a análise de contidos e a análise dos discursos.

Cerra este conxunto de traballos a destacada achega de Luciano Mendes de Faria Filho sobre as relacións intelectuais México-Brasil entre 1930 e 1960, a través dos emprendementos e conexións que se

establecen arredor da editora panamaericana Fondo de Cultura Económica, entre o mexicano Cossío Villegas, por unha parte, e os brasileiros Fernando Azevedo e Gilberto Freire, entre outros. Un exame de sociabilidades intelectuais, que permiten o intercambio de ideas e de información, na procura de “entender as formas como os intelectuais interlocutores e mediadores buscan intervir no espazo público e na conformacións de representacións”, observando neste caso como o Brasil foi dado a coñecer, a través da lectura dos autores brasileiros editados por FCE desde as súas coleccións “Tierra Firme” e “Biblioteca Americana”, articulando, así, unhas determinadas representacións.

Esta pescuda investigadora pode ser extendida cara “as representacións dos outros nos libros de texto: podemos ver

neles como os grupos e institucións participan na loita de representacións que establecen lugares e identidades para os outros e no mesmo momento para si mesmos” (p. 263). Neste sentido, estudar as representacións do Brasil nos libros didácticos mexicanos é —salienta Luciano Mendes— en certa forma, buscar entender tamén como os autores/editores/xestores participan na construción do propio México no período analizado”.

Estamos, logo, ante unha monografía que abre novos e pertinentes horizontes para un mellor coñecemento do pasado cultural e educativo e unha mellor comprensión do noso presente.

*Antón COSTA RICO.  
USC*